



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DÍA DEZAOITO DE XANEIRO DE DOUS MIL TRECE

No salón de plenos do concello de Cerdido, ás doce horas e cinco minutos da mañá do día dezaeito de xaneiro de dous mil trece reúnen-se en primeira convocatoria os seguintes concelleiros que se citan a continuación: Juan José Ramos Prieto, José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro, Álvaro Rodríguez Graña, Cándido Eusebio Prieto Lago e Benigno Galego Castro, baixo a Presidencia de Dona Ana Rodríguez Montero como alcaldesa. Non asisitiron Faustino Cebreiro Paz, e Roberto Oscar López López. Actúa de secretaria Paula Díaz Tie. De seguido pásanse a debater os asuntos da orde do día:

1.- Aprobación se procede da acta do pleno do día vinte e seis de decembro de 2012. - Os membros do Pleno. Os membros do Pleno non fixeron observacións ningunha polo que se considera aprobada.

2 Aceptar a renuncia ao cargo de concelleiro municipal a Roberto Oscar López López, que se presentou o día 31.12. 2012 no rexistro municipal . Lida o escrito do Concelleiro que se copia deseguido: Á atención da Corporación Municipal do Concello de Cerdido. Benqueridos compañeiros: Pola presente apresento a miña dimisión como membro da Corporación Municipal. Dita dimisión vén motivada por razóns laborais. Como sabedes traballo na Armada, no Arsenal de Ferrol, e veño de ser destiñado á dotación do “B.E. Juan Sebastián de Elcano”, polo que non ficarei no noso concello durante algúns meses ao ano, de xeito que non sería posíbel para min asistir aos plenos municipais nin manter un contacto directo e diario coa nosa veciñanza. Así pois, solicito da Corporación Municipal acepte esta miña dimisión e inicie os trámites oportunos para dar entrada como novo membro da Corporación Municipal, polo BNG, a Jairo Orjales Sande. Cerdido, 31 de decembro de 2012. Asdo. Roberto Óscar López e López.

E Lida a proposta da Alcaldía seguinte : Neste Concello tivo entrada o escrito de Roberto O. López López, Concelleiro do grupo municipal do BNG, o día 31.12.2012. Neste formalizábase a renuncia voluntaria ao cargo que ocupa neste Concello . A renuncia ao cargo non será efectiva ata o seu sometemento ao Pleno do Concello. En cumprimento dos artigos 9.4 do Real Decreto 2568/1986, de 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 182 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte acordo: ACORDO Primeiro: . Tomar coñecemento da renuncia ao cargo de Concelleiro do Concello que realiza Roberto Oscar López López .do grupo municipal do BNG. Segundo: Comunicar este Acordo á Xunta Electoral Central para que remita esta as credenciais de D. Jairo Orjales Sande , seguinte na lista do partido político BNG, dos que concorreron ás últimas eleccións municipais, para que poida tomar posesión do seu cargo, Cerdido, 8 de xaneiro de 2013. A alcaldesa. Ana Rodríguez Montero. **Os membros do Pleno asistentes tomaron coñecemento da proposta anterior**

E, non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión sendo as doce horas e dez minutos do día dezaeito de xaneiro de 2013 . Do que eu como Secretaria dou fe :
A alcaldesa A secretaria

Ana Rodríguez Montero

Paula Díaz Tie